

PLAN ANUAL
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
2021/2022

IES A BASELLA. Vilanova de Arousa.

Departamento de Orientación.



INDICE

1.	INTRODUCCIÓN	2
1.1.	Marco teórico e legal	2
2.	XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	7
2.1.	Características do entorno escolar	7
2.2.	Características do centro educativo	7
2.3.	Medidas de atención á diversidade	9
2.4.	Departamento de orientación	11
2.5.	Modificacións propostas na memoria	12
3.	OBXECTIVOS	13
3.1.	Obxectivos xerais	14
3.2.	Obxectivos específicos.....	14
4.	DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS E PLANIFICACIÓN XERAL	
	17	
4.1.	Accións prioritarias	17
4.2.	Planificación xeral	18
5.	RECURSOS	35
5.1.	Recursos persoais	35
5.2.	Recursos materiais	36
5.3.	Recursos organizativos	36
6.	CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN ANUAL DO DO	37
7.	ANEXOS	40
	7.1 PLAN ENSINO VITUAL	
	7.2 PROGRAMACIÓN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	

1. INTRODUCCIÓN

A nosa práctica docente desenvólvese en base a unha concepción sistémica e preventiva da acción orientadora. Deste xeito, a nosa labor docente se levará a cabo segundo o establecido neste Plan Anual de Orientación, no que adaptamos as directrices máis xerais da nosa lexislación á realidade do noso centro educativo, inmerso nun contexto e nunha realidade cambiante, que caracterizan á comunidade na que imos desenvolver a nosa intervención.

Na elaboración do Plan tivéronse en conta as necesidades do I.E.S., identificadas a través da análise do PE e doutros documentos do centro (NOF, Plan Xeral Anual do curso pasado, memoria do Departamento de Orientación do curso pasado e o Plan de mellora). Ademais contempláronse as funcións e accións prioritarias asignadas ao Departamento de Orientación e aos titores/as nas disposicións legais vixentes referidas nos seguintes puntos do Plan.

1.1. Marco teórico e legal

a) Concepto de orientación.

O Decreto 120/1998 foi o que asentou as bases da Orientación en Galicia, e a Orde do 24 de xullo do mesmo ano, a que aporta as directrices xerais de organización e funcionamento dos nosos departamentos. Nestes referentes lexislativos defínese á **orientación como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que comeza dende a escolarización do neno ou nena e remata ó finalizar as ensinanzas non universitarias.**

Dende aquela, a orientación está a cobrar unha importancia significativa na educación considerándose unha **actividade educativa**, que se ve reflectida

nas propias normativas lexislativas, e sobre todo, na vida diaria dos centros, onde cada vez son mais solicitadas as súas actuacións. Na LOE (2/2006) e na LOMCE (8/2013), se establece como un dos **principios do sistema educativo** a orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie una educación integral en coñecementos, destrezas e valores.

Para alcanzar este principio é preciso intervir dende diferentes ámbitos, polo que se establecen tres niveles de intervención orientadora:

A acción titorial como primeiro nivel de intervención desenvolvido por todo o profesorado do centro (artigo 91 da LOGSE, a función orientadora forma parte da función docente)

Os departamentos de orientación, o segundo nivel e dende os orientadores e orientadoras dos centros educativos desenvolven a súa labor.

Os equipos de sector/zona (EOE en Galicia con carácter provincial) como terceiro nivel que contan con diferentes especialistas e labores propias dunha metodoloxía máis consultiva.

Todo isto baixo unha formulación sistémica de intervención, é dicir, orientación como proceso e responsabilidade compartida por todo o equipo docente, coordinada polo titor e asistida polo orientador e mais polos servizos externos de apoio.

b) Concepto de atención á diversidade

Debemos facer referencia ao Decreto 229/2011 que regula a Atención á Diversidade en Galicia, definida como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa á adquisición de

competencias e a consecución de obxectivos xerais previstos na LOE (2/2006).

Como novidades, este decreto define absentismo, desescolarización e abandono escolar temperá, conceptos que continúan moi presentes nos nosos centros educativos debido ós altos índices de abandono e absentismo, polo que non debemos esquecer nas actuacións establecidas no noso Plan. Por outra banda, este decreto, regula accións para escolarizar a alumnado sometido a medidas penais, de protección e tutela, afectado por violencia de xénero, de acoso escolar ou pertencente a familias itinerantes.

Na LOMCE, a atención á diversidade establécese como principio fundamental que debe rexer toda a ensinanza básica, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación adecuada ás súas características e necesidades.

Como propostas para alcanzar esta atención á diversidade, na LOMCE propónse:

- Unha escola inclusiva e compensadora que garanta a igualdade de oportunidades e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven das necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

- "A atención á Diversidade como eixo do Sistema Educativo", así no artigo 4 establece que "sen prexuízo de que ao longo da ensinanza básica se garanta unha educación común para os alumnos, adoptárase a atención á diversidade como principio fundamental".

O Decreto 86/2015, que regula o currículo da ESO e do BAC, e a LOMCE establecen medidas para lograr a atención á diversidade en Secundaria. Propón unha integración de materias en ámbitos, adaptacións do currículo,

desdobres de grupos, oferta de optativas, programas de reforzo e de tratamento personalizado para o alumnado con NEAE, sendo, o obxectivo de todas elas a consecución dos obxectivos da ESO por parte de todo o alumnado.

Xorden os Programas da Mellora do Rendemento e Aprendizaxe, como plans de dous cursos para alumnado con dificultades de aprendizaxe non imputable a falta de estudo e esforzo (para desenvolver en 2º e 3º ou en 3º curso da ESO).

Inclúense no tratamento educativo de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo aqueles/as con TDAH e Condicións Persoais ou de Historia Escolar, que a anterior Lei non incluía. A atención educativa a alumnado con altas capacidades, de dificultades de aprendizaxe, de integración tardía no sistema educativo e de NEE non modifica o establecido pola anterior lei.

c) Concepto de Competencias Clave

Outro concepto que debemos ter en conta para o desenvolvemento do noso plan de actuación son as Competencias Clave. Na Orde ECD/65/2015 se conceptualizan como un «saber facer» que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais. O aprendizaxe baseado en competencias caracterízase pola súa transversalidade, seu dinamismo e o seu carácter integral, o proceso de ensino-aprendizaxe competencial debe abordarse dende tódalas áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman á comunidade educativa.

Deste xeito, dende o departamento de orientación, como ámbito educativo, contribuiremos á adquisición das sete competencias clave propostas pola actual lei educativa (8/2013) por parte de todo o alumnado do noso centro.

d) Desenvolvemento do Plan de Orientación

Este Plan de Orientación seguirá a estrutura establecida no artigo 15 da Orde do 24 de xullo de 1998:

- a) Xustificación baseada no contexto
- b) Obxectivos
- c) Planificación xeral e definición de accións prioritarias
- d) Estratexias de intervención
- e) Criterios de avaliación do plan

Para a súa adecuada elaboración é imprescindible revisar as NOF, a P.X.A. e o P.E., porque son os documentos que reflicten a realidade actualizada do noso centro. Así como porque este plan, é a concreción do Plan de acción tutorial, Plan de orientación académica e profesional e do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que se inclúen no P.E.

O modelo que empregaremos para desenvolvelo será o modelo de programas, proposto por Bisquerra e Álvarez e Bisquerra (1998) que se caracteriza por desenvolverse en base os **principios** de planificación, prevención, sistematicidade, curricularidade, cooperación, desenvolvemento persoal e intervención social. A actuación por programas é indirecta, por ser levada a cabo prioritariamente polo profesorado-titor, maila isto, o noso departamento realizará intervencións directas (counseling ou consulta) cando a primeira non sexa suficiente para atender as súas necesidades. Os programas que estableceremos no noso plan se centrarán en tres vertentes: a persoal, a escolar e a vocacional, que están interrelacionadas e que nos permiten lograr o desenvolvemento integral do alumnado.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2.1. Características do entorno escolar

O IES " A Basella" de Vilanova de Arousa, ten unha localización costeira, na capital do concello, no lugar de A Basella. Este concello vive principalmente do mar e da agricultura. En xeral, os postos de traballo que se poden dar na zona son de baixa cualificación e pouca retribución (na maioría fábricas conserveiras que ofertan traballo de temporada).

É un centro de titularidade pública que escolariza ao alumnado de secundaria do propio concello (procedente de seis parroquias nas que se distribúe o municipio: Vilanova, Caleiro, San Miguel de Deiro, Tremoedo, Andrés e Baión). Así mesmo, acolle alumnado da Illa de Arousa no caso dos estudos de bacharelato.

Hai que destacar que no concello os servizos culturais son moi básicos. Contamos cunha biblioteca pública na Casa da Cultura e as casas-museo de Valle-Inclán e dos Irmáns Camba, sendo as actividades culturais, educativas e deportivas para os rapaces e rapazas reducidas.

Respecto o entorno socioeconómico céntrase nas actividades vencelladas á pesca (27%), as actividades empresariais (20%), funcionarios/as (11%), profesións liberais (9%) e o sector da construción (8%). Destacar que o 47% das nais son amas de casa e realizan ademais tarefas agrícolas; o 7% dos pais e nais están desempregados e outro 7% son xubilados/as.

2.2. Características do centro educativo

O IES A Basella é un centro educativo que oferta as ensinanzas de ESO e Bacharelato, nas modalidades de Humanidades e CCSS e Ciencias. O alumnado que acude ó noso IES para cursar as ensinanzas da ESO

proceden, maioritariamente dos dous centros adscritos. Ás ensinanzas de Bacharelato acceden o alumnado que xa cursaron a ESO no noso centro, así como aqueles do IES Faro das Lúas de Vilanova e do IES da Illa de Arousa, xa que somos o único centro que oferta estas ensinanzas na zona.

Contamos con dous CEIP adscritos ao noso IES. Un deles sitúase na propia vila e preto do IES, o CEIP Xulio Camba de Vilanova e o outro sitúase no rural, o CEIP Viñagrande de San Miguel de Deiro.

A organización arquitectónica do centro adaptase á normativa establecida.

No que respecta á ampla variedade de programas promovidos polo MECD ou pola Consellería de Educación, o noso IES conta con E-DIXGAL en 1º e en 2º ESO, e este ano tamén en 3º e 4º ESO e temos solicitado e aprobado dentro dos contratos programa, Recupéra-T. Participamos no Plan B de bibliotecas e temos 5 clubs de lectura (alumnado de 1º e 2º ESO, alumnado de 3º e 4º ESO, adultos e cómics) e temos solicitado este curso o ERASMUS+ que se quere canalizar a través da propia Biblioteca do centro como un espazo inclusivo. Aínda que o curso pasado por mor do Covid, non se puido organizar, este ano queremos retomar a Escola de nais e pais.

O Claustro de profesores/as está formado por 40 docentes dos que, aproximadamente, un 90% deles teñen destino definitivo no centro, o que favorece a implicación dos mesmos nos programas desenvolto polo Dpto. de Orientación.

No que respecta ás familias, a grandes rasgos presenta un nivel socio-educativo medio-baixo (predominio de poboación con só estudos primarios) o que implica que un alto porcentaxe do alumnado ocupe unha ou dúas horas diarias colaborando coa familia no traballo do campo, do mar ou do

fogar. Por outra parte, dado ó alto índice de familiares que traballan fóra da casa observamos unha tendencia a que non se continúe o traballo escolar na casa, o que repercute nunha ausencia de hábitos escolares. En relación ás expectativas do alumnado no centro, a maioría do noso alumnado recoñece que os estudos son importantes de cara ao futuro e as familias pretenden maioritariamente que continúen estudos universitarios ou de tipo profesional de Grao Superior.

A relación e coordinación entre familia-centro é cordial, participando a través das canles habituais como son o Consello Escolar ou a ANPA e soen mostrarse abertos a participar nas actividades propostas polo centro.

Durante o curso 2021/22 están matriculados **377** alumnos e alumnas organizados do seguinte xeito:

ETAPA	GRUPOS
ESO	1ºESO: 3 liñas. Total: 60 alumnos/as 2ºESO: 3 liñas. Total: 64 alumnos/as 3ºESO: 2 liñas. Total: 48 alumnos/as 4ºESO: 2 liñas. Total: 38 alumnos/as
BAC	1º BAC: 3 grupos. Total: 85 alumnos/as 2º BAC: 3 grupos. Total: 82 alumnos/as

2.3. Medidas de atención á diversidade

Respecto ás características do noso alumnado temos que sinalar que nos atopamos con grupos moi numerosos e con grandes diferencias de niveis académicos, isto leva a adoptar unha serie de medidas de atención á diversidade respecto ás que o departamento de orientación debe velar, en colaboración coa Xefatura de Estudos, polo seu bo funcionamento. En canto

a estas medidas, aplicaremos en primeiro lugar as de tipo ordinario, seguido das medidas extraordinarias no caso de que as primeiras resulten insuficientes. No Plan Xeral de Atención á Diversidade do noso centro están recollidas todas as medidas de atención á diversidade (MAD) ordinarias e extraordinarias que contemplamos.

Dende o curso 2020/2021 houbo que priorizar as medidas sanitarias e reducir o número de desdobres que existían en cursos anteriores e incrementar unha liña máis en 1º e 2º ESO.

Como Medidas de Atención á Diversidade establécense as seguintes, en base ao recollido no PXAD e no Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade en Galicia:

- Como xa pasou o curso anterior, este curso por mor de garantir as medidas de seguridade polo Covid-19, non se organizaron desdobres como en cursos anteriores na ESO (D.229/2011).
- Reforzos educativos e Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria (D.229/2011).
- Adaptacións curriculares (D.229/2011 e Orde do 6 de outubro de 1995)
- Apoio do profesorado de PT (D.229/2011)
- Aula de atención educativa e convivencia (C.8/2009).
- Aula de convivencia inclusiva (Decreto 8/2015).
- Programas específicos personalizados (C.8/2009) para dar resposta ó alumnado que non promociona de curso, con materias pendentes ou promociona por imperativo legal.
- Titorías individualizadas.
- Plan de ensino virtual (alumnado con NEAE)

2.4. Departamento de orientación

O Departamento de Orientación, está composto por un mestre de Pedagogía Terapéutica, titor/a do ámbito científico-tecnolóxico, titor/a do ámbito sociolingüístico, a xefa do departamento e os/as xefas dos departamentos de orientación dos centros adscritos.

Ante o novo curso escolar 2021/22 constituíuse o Departamento de Orientación a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica, cos seguintes membros:

Composición do Departamento de Orientación curso 2019/2020	
Xefatura do departamento de orientación	M ^a Leticia Recio Varela
Profesor especialista en Pedagogía Terapéutica	Aurelio Sánchez
Profesor titor do ámbito socio-lingüístico	Sofía López Rey
Profesor titor do ámbito científico-tecnolóxico	M ^a del Pilar González Novo
Xefa do DO do centro adscrito CEIP Xulio Camba	M ^a del Pilar Bernárdez Rodríguez
Xefa do DO do centro adscrito CEIP Viñagrande	Natalia Souto Antón

Realizar un Plan de Orientación contextualizado esixe fundamentarse nos diferentes documentos do centro, nas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, así como nos datos recollidos da memoria final do pasado curso e das propostas e modificacións feitas para levar a cabo no presente curso académico.

Para posibilitar o anterior mensualmente se reunirán no IES os compoñentes do Departamento pertencentes ó centro e trimestralmente, tódolos membros do DO. Ao igual que o curso anterior, este ano pretendemos que ás reunións trimestrais do departamento acudan os xefes do DO dos dous centros que non están adscritos ó IES pero si derivan alumnado. Por outra banda, semanalmente, a xefa do departamento se reunirá có profesorado titor dos cursos da ESO. Procurarase, na medida do

posible, ter contacto frecuente e sistemático cos titores/as dos diferentes grupos de Bacharelato coa finalidade de potenciar a Acción Titorial no centro.

A súa vez, queda tamén establecida unha hora de coordinación co Mestre de Pedagogía Terapéutica coa finalidade de establecer pautas de actuación e seguimento do alumnado que require dunha atención máis individualizada e para a elaboración de materiais destinados á atención á diversidade así como para a posta en marcha do PXAD e dos diferentes protocolos que del se derivan.

En función das necesidades que vaian xurdindo, estableceranse as reunións pertinentes con cada un dos axentes educativos, así como os externos ó IES (orientadora laboral, psicóloga, traballadora social do concello,...) Tamén realizaremos as reunións pertinentes cos Servizos Sociais do concello, concretamente coa Psicóloga e coa Educadora Familiar. Procuraremos como mínimo que as reunións teñan unha periodicidade mensual e/ou cada vez que xorda a necesidade.

2.5. Modificacións propostas na memoria

Na memoria do curso 2020-2021 fixéronse varias propostas para este curso que se terán en conta para a planificación:

Propostas de mellora na memoria 20/21	Aspectos a manter e/ou cambios a introducir neste curso 2021/2022
Incorporar o Plan de Ensino Virtual para o alumnado con NEAE dentro da propia programación do Departamento de Orientación	Plan de ensino virtual e coordinación co profesorado correspondente
Retomar as actividades extraescolares que por mor da COVID non se puideron desenvolver (saídas, charlas...) respectando as medidas de seguridade e saúde vixentes en cada momento	Previsión de actividades complementarias e extraescolares
Seguir incidindo nas técnicas de estudo e traballo	A formación sobre TTI realizarase en colaboración coa psicóloga do concello

intelectual na hora de titoría semanal e tratar de extrapolar as aprendizaxes ás demais materias do currículo	entre novembro e decembro có alumnado da ESO. Tratarase de abordar as técnicas de estudo dende as titorías e xeneralizar as aprendizaxes ao resto de materias
Conseguir unha maior coordinación entre titores-equipo COVID e Departamento de Orientación sobre o alumnado confinado (por COVID) para poder establecer de xeito inmediato a atención educativa a distancia	Incrementar a coordinación co equipo COVID
Comezar o caderno de Orientación de 4º ESO con maior antelación, no 2º trimestre e incidir na orientación vocacional nas sesións de titoría	Previsión de traballar a orientación vocacional dende o 2º trimestre nos cursos terminais
Seguimento mais exhaustivo dende titoría e departamento de orientación do alumnado con condutas disruptivas incidindo na resolución pacífica de conflitos e programa de habilidades sociais co fin de reducir as condutas contrarias á convivencia	Coordinación cos titores e seguimento do alumnado con condutas disruptivas. Incidir este aspecto nas reunións de titores semanais
Establecemento dun formulario que sirva de protocolo de derivación do alumnado do IES A Basella a Servizos Sociais e facilitar así o seguimento dos casos derivados	Formulario e seguimento dos alumnos derivados a SS.SS.

3. OBXECTIVOS

O noso modelo orientador baseado no modelo de programas, esixe que se establezan uns **obxectivos** que determinen a nosa práctica. O noso Departamento os seus obxectivos adaptándose ás características e necesidades do centro e baseándose nas funcións establecidas no Decreto 120/98 e na Orde do 24 xullo de 1998.

As necesidades detectadas son moi numerosas e atinxen os diferentes membros da comunidade e a diferentes ámbitos de traballo, polo que debemos establecer uns criterios de prioridade. Estas prioridades as estableceremos baseándonos na Circular 10/2010 para dar preferencia a

aquelas demandas que a lexislación nos recomenda atender de xeito máis inmediato, sen que isto supoña desatender ás outras.

Este apartado está suxeito a variacións, polo que debe ser tido en conta desde unha perspectiva flexible do traballo de Orientación, por este motivo, e para este curso académico, o D.O., propónse os seguintes obxectivos xerais.

3.1. Obxectivos xerais

- a. Lograr unha orientación de calidade, nas vertentes educativa, persoal e vocacional, para todo o alumnado do centro e propiciar, a través da acción orientadora e titorial, o desenvolvemento integral do alumnado.
- b. Contribuír ás adecuadas interaccións entre todos os membros da comunidade educativa (profesorado, alumnado e familias) e lograr que as familias se impliquen no proceso educativo dos seus fillos/as.
- c. Propoñer unha oferta formativa, que posibilite a actualización científica e didáctica do profesorado en relación cá súa responsabilidade orientadora e impulsar a innovación educativa.

3.2. Obxectivos específicos

En función dos tres ámbitos nos que se centra a función do departamento de orientación, propoñemos unha serie de obxectivos específicos:

Obxectivos específicos apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe

- a. Colaborar na rápida detección de dificultades ou problemas educativos, de desenvolvemento ou aprendizaxe que presenta o alumnado, e na rápida intervención para tratar de remedialos.

- b. Elaborar, unha vez avaliadas as necesidades das diferentes etapas, en coordinación co equipo docente, os titores e maila Xefatura de Estudos, aquelas medidas de atención á diversidade máis adecuadas ó noso centro.
- c. Facer o seguimento daqueles momentos do curso escolar de maior risco como o cambio de etapa.
- d. Elaborar e seguir as intervencións naqueles casos xa detectados con anterioridade (revisión dos apoios, revisión das ACS...)
- e. Favorecer o traballo de institucións externas ao centro (Centro Bata, etc..) con alumnos con NEE concretas e colaborar naqueles aspectos que entran dentro do noso campo de actuación.
- f. Asistir ás sesións de avaliación, coa finalidade de recibir e proporcionar información sobre os alumnos/as, así como facilitar que esas sesións se axusten aos principios de avaliación continua, formativa e orientadora.

Obxectivos específicos de apoio á acción titorial

- a. Fomentar a posta en marcha do Plan de Acción Titorial facendo posible que esta labor abarque todas as etapas educativas do centro.
- b. Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de orientación e titoría que o profesorado realiza no centro.
- c. Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, as propostas de organización da orientación e do Plan de acción titorial do centro.
- d. Detectar as necesidades das titorías e chegar a propostas consensuadas e aceptadas polo profesorado titor, que dinamicen a acción titorial dentro do centro.

- e. Dende a titoría encamiñar a labor da Orientación Académico e Profesional.
- f. Dinamizar a relación entre as familias e o centro a través da figura do profesorado titor, traballando o tipo de información que se lle presentará, así como os instrumentos de recollida e tratamento de dita información.
- g. Cooperar coas titoras na información ás familias sobre asuntos relacionados coa orientación académica, psicopedagóxica e profesional, co fin de axudarlles a que asuman a orientación dos fillos/as dun xeito responsable.

Obxectivos específicos de orientación académica e profesional

- a. Detectar, en colaboración cos titores da ESO, Bacharelato e Ciclo Formativo as necesidades que presenta o centro neste ámbito.
- b. Elaborar un programa que facilite ao alumnado a Toma de Decisións.
- c. Facilitar e asesorar na busca de información demandada tanto polo centro como polo alumnado neste ámbito.
- d. Elaborar material de recollida e tratamento de información académica e profesional para o alumnado e mailo centro.
- e. Facilitar a comunicación entre o centro escolar e os centros académicos e de traballo da zona, así como dos organismos laborais e culturais que poidan aportar datos de interese en canto a este tema.
- f. Facilitar información ás familias, tratando de involucralas nas decisións dos seus fillos/as de cara ó seu futuro.

- g. Proporcionarlle ao alumnado unha orientación académica e profesional diversificada grupal, e individualizada nos casos nos que a grupal sexa insuficiente.

4. DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS E PLANIFICACIÓN XERAL

4.1. Accións prioritarias

1. Posta en marcha do PAT, establecendo en colaboración cos titores os criterios xerais que deberán orientar o traballo que se realice nas titorías ao longo do curso segundo as necesidades.
2. Colaboración na coordinación do profesorado titor co profesorado e alumnado do seu grupo e da Xefatura de Estudos co departamento de orientación.
3. Asesorar ao profesorado que así o demande en canta tarefas educativas e de seguimento do proceso de E/A se plantexen, facilitándolles criterios de actuación e recursos/instrumentos necesarios.
4. Asesorar e facilitar instrumentos e materiais necesarios ao profesorado de PT e ao profesorado implicado na elaboración de ACS e RE do alumnado con NEAE.
5. Dinamizar o emprego dos diversos protocolos establecidos (absentismo, acoso escolar, TDAH, altas capacidades..etc)
6. Realizar avaliacións psicopedagóxicas, cando sexan demandadas.
7. Elaborar ou actualizar informes daqueles alumnos/as aos que se lles detecten necesidades de apoio.

8. Diseñar e poñer en marcha de accións que promovan a cooperación das familias implicándoas no proceso de formación persoal e académico dos seus fillos/as.
9. Coordinar e deseñar reunións informativas sobre os itinerarios educativos ofertados no centro e a Orientación Académica e Profesional ao termo da ESO
- 10.Coordinar e deseñar reunión de carácter informativo segundo as demandas e necesidades que poidan ser plantexadas ao longo do curso.
- 11.Reforzar a coordinación entre o departamento de orientación e as xefaturas do departamentos de orientación dos centros adscritos
- 12.Impulsar a posta en marcha do programas de habilidades sociais.
- 13.Asistencia ás reunións de preavaliación e avaliacións que se realicen no centro.
- 14.Asistir ás reunións convocadas pola CCP e asesorar naqueles aspectos psicopedagóxicos que lle sexan demandados.

4.2. Planificación xeral

1. Acción titorial

A titoría, como elemento inherente á función docente, implica a necesidade de recoller dende unha perspectiva global as actuacións que neste ámbito se van a levar a cabo, non só como función do profesor nomeado como titor dun grupo, senón tamén de todos aqueles profesionais que como educadores realizan unha función titorial. A titoría implica unha relación individualizada co alumno/a na estrutura e dinámica das súas actitudes, aptitudes, coñecementos e experiencias de distintos ámbitos educativos. Do

mesmo xeito non só contempla a relación có alumnado, senón tamén coas familias e cos docentes que interveñen no proceso educativo.

O departamento de orientación elabora o Plan de Acción Titorial en colaboración cos titores, deseñando as estratexias e criterios xerais que deberán orientar a labor de todos os profesores/as titores/as ao longo do curso, aportando información e material que dende a realidade educativa se demande.

Co desenvolvemento da función titorial a educación vai máis alá dunha mera instrución ou transmisión de coñecementos, xa que aporta un enfoque integral e personalizado. Todo este proceso de axuda ou orientación ao profesor/a titor/a levarase a cabo en coordinación co resto dos profesores/as, co equipo directivo e coas familias.

Partiremos duns obxectivos xerais para todas as etapas educativas, facendo referencia en cada unha delas a unha serie de accións que se priorizarán en función das características propias de dita etapa.

Obxectivos xerais

1. Impulsar o desenvolvemento psicosocial do alumnado.
2. Optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe.
3. Coordinar as actuacións educativas do equipo docente.
4. Orientar aos pais na súa labor educativa, tratando de fomentar a participación responsable na vida do centro e no proceso de E/A dos seus fillos.

Obxectivos específicos

É preciso concretar estes obxectivos xerais en función dos tres ámbitos de actuación: alumnado, familias e profesorado:

Respecto ó alumnado

1. Impulsar a integración do alumnado no centro e no grupo clase.
2. Favorecer o desenvolvemento da óptima identidade persoal, así como o autoconcepto e a autoestima.
3. Impulsar a participación do alumnado nas actividades que se propoñan como parte do proceso educativo.
4. Contribuír ao desenvolvemento da madurez vocacional e persoal, asesorando na toma de decisións tanto a nivel de materias de elección como de itinerarios educativos ao longo das etapas e ao remate da ESO.
5. Detectar dificultades nas distintas aprendizaxes.
6. Dar resposta educativa axeitada ás dificultades de aprendizaxe detectadas
7. Realizar unha avaliación do proceso educativo co fin de axustar a axuda pedagóxica necesaria.
8. Continuar a través das reunións de titoras, co asesoramento aos titoras cara á implantación das Actas de Avaliación; o seguimento do control do absentismo escolar de acordo co Protocolo cara a prevención do Absentismo Escolar, do protocolo de prevención do acoso escolar, etc.

Respecto ao profesorado

1. Coordinar toda a labor docente cos especialistas e equipo docente que participen na intervención educativa co alumnado que presente necesidades educativas específicas e co resto do grupo clase.
2. Coordinar e planificar as actividades de avaliación e autoavaliación do alumnado.
3. Axustar as programacións ás necesidades detectadas.
4. Asesorar e coordinar a avaliación e promoción.

5. Colaborar na elaboración dos diferentes materiais de recollida de información sobre o grupo clase.

Respecto ás familias

- Fomentar a participación das familias nas actividades propostas polo centro.
- Informar ás familias acerca da evolución dos seus fillos.
- Asesorar ás familias ante situacións problemáticas ou de conflito.
- Solicitar ás familias colaboración nas actividades de reforzo e apoio escolar.

Actividades do PAT na Educación Secundaria Obrigatoria

As actividades adaptaranse a situación actual, por mor do Covid-19, extremando e priorizando as medidas sanitarias e mantendo a distancia de seguridade entre o alumnado e entre alumnado e profesorado ou especialistas externos, e mantendo o aforo máximo permitido dentro da aula ordinaria.

Neste sentido, ao igual que o curso anterior, as actividades que se desenvolvan realizaranse dentro da propia aula de cada grupo, non programando actividades colectivas entre diferentes grupos, nin desprazamentos a outras aulas ou espazos de centro como en anos anteriores, por exemplo o salón de actos, a non ser que as medidas de saúde permitan unha organización distinta.

As actividades extraescolares nas que implique saír do centro en gran grupo, como feiras de educación ou visitas guiadas á Universidade ou similares, este ano non se van a organizar.

Abordaranse os seguintes contidos:

Presentación do novo curso

- Coñecemento do centro, dos compañeiros/as e do profesorado.
- Organización da clase.
- Información sobre: calendario escolar, horario de titoría, actividades complementarias e extraescolares, criterios de avaliación, etc.
- Particularidades do nivel educativo a desenvolver. Expectativas como grupo.
- Normas Covid

Integración e convivencia

- NOF(normas de convivencia).
- Dereitos e deberes dos alumnos.
- Funcións do delegado. Elección de delegado.
- Elaboración dunhas normas propias de aula.
- Habilidades sociais:
 - Habilidades conversacionais.
 - Habilidades de solución de problemas interpersoais.
 - Expresar emocións e sentimentos.
 - Aceptar e rexeitar críticas.
 - Como formular queixas.
 - Saber dicir non.

Desenvolvemento persoal

- Autoconcepto e Autoestima
- Actitudes e valores (ante a diversidade, ante as persoas maiores, etc.)
- Temas transversais:

- Educación para a saúde: drogas, alcoholismo, educación viaria....
- Educación moral e cívica
- Educación sexual
- Igualdade entre homes e mulleres
- Educación ambiental, consumo responsable

Axuda ao estudo

- Condicionantes previos.
- Actitude cara o estudio
- Ambiente externo.
- Hábitos, planificación e organización do estudio.
- A importancia da lectura.
- Técnicas para traballar a información escrita.
- Técnicas de estudo e de traballo intelectual.
- Preparación e realización de exames
- Reflexión e análise sobre os resultados acadados nas avaliacións.

Orientación académica

- Coñecemento de si mesmo:
 - Actitudes
 - Capacidades
 - Rendemento
- Información
 - Sistema educativo
 - Organización das materias: troncais, específicas e de libre configuración autonómica.
 - Itinerarios académicos en 4º da ESO: opción académicas e opción aplicadas.

- Saídas ao remate da ESO.

Actividades do PAT na Educación Secundaria Post-obrigatoria: o bacharelato

A etapa do bacharelato constitúe un tramo mais diversificado do sistema educativo actual, no cal a vertente vocacional ten maior peso, por elo ademais de seguir traballando os aspectos anteriores, como os sinalados na ESO, intensifícase:

- A identificación de intereses profesionais
- A elaboración dun proxecto de vida
- O coñecemento sobre itinerarios e saídas profesionais: ciclos formativos, graos universitarios e outros estudos.
- Transición á vida activa

Polo tanto, abordaranse os seguintes contidos:

Acollida

- Recepción do alumnado, presentación titor e do equipo docente, información, horarios.
- Elección de delegado.
- Dereitos e deberes (NOF)
- Normas Covid

Integración e convivencia

- Coidado dos materias e espazos comúns do centro e da aula.
- Coñecemento do grupo clase.
- Participación en grupos de traballo.
- Habilidades sociais

Estudo e rendemento académico

- Aspectos motivacionais para facer fronte ao estudo.

- Consolidación de técnicas de estudo e técnicas de traballo intelectual.

Orientación académica e profesional

- Autoconhecimento.
- Conhecimento do Sistema Educativo.
- Optatividade.
- Probas de acceso.
- Toma de decisións.
- Elección de itinerarios formativos.

Algunhas das actividades que se pretenden realizar, aínda sen concretar datas e sempre deixando marxe á flexibilidade pola situación actual por mor do Covid19 son as seguintes:

- ❖ Formación en T.T.I. co alumnado da ESO.
- ❖ Actividades para o fomento da igualdade e a prevención da violencia de xénero para o alumnado da ESO.
- ❖ Charlas do Plan Director coa colaboración da Garda Civil.
- ❖ Obradoiro de hábitos saudables (prevención da drogadicción, alcohol...) co alumnado da ESO en colaboración co centro de saúde de Vilanova.
- ❖ Obradoiro de saúde afectivo-sexual co alumnado de 3ª e/ou 4º da ESO, en colaboración co Quérote Mais.
- ❖ Programa katorce-18 da Asociación Arela para o alumnado de 3º e/ou 4º ESO.
- ❖ Programa básico de Habilidades Sociais para o alumnado que o precise.

- ❖ Actividades a nivel de centro co alumnado de ESO e BAC sobre a prevención da violencia de xénero e fomento do feminismo.
- ❖ Actividades de orientación vocacional (itinerarios, materias optativas, ABAU...).
- ❖ Celebración de diferentes efemérides.

Avaliación

A avaliación será inicial (valoración de necesidades), formativa e continua.

Ao longo do curso, en cada sesión de avaliación recolleranse datos sobre a marcha do proceso de E/A en función da que se revisará a evolución do plan, introducindo aquelas modificacións que sexan necesarias.

Con obxecto de coñecer a efectividade do programa e revisar aqueles aspectos (obxectivos, estratexias de intervención, recursos, actividades...) que foran susceptibles de mellora no próximo curso, o departamento de orientación levará a cabo unha avaliación específica a través dunha triangulación de métodos:

- Contrastando experiencias mediante discusións entre titores.
- Elaborando e aplicando cuestionarios dirixidos ao alumnado, ás familias, ó profesorado e profesionais que imparten os talleres e obradoiros.
- Realizando seguimento dos alumnos/as.

Avaliación

A avaliación será inicial (valoración de necesidades), formativa e continua.

Ao longo do curso, en cada sesión de avaliación recolleranse datos sobre a marcha do proceso de E/A en función da que se revisará a evolución do plan, introducindo aquelas modificacións que sexan necesarias.

Con obxecto de coñecer a efectividade do programa e revisar aqueles aspectos (obxectivos, estratexias de intervención, recursos, actividades...) que foran susceptibles de mellora no próximo curso, o departamento de orientación levará a cabo unha avaliación específica a través dunha triangulación de métodos:

- Contrastando experiencias mediante discusións entre titores.
- Elaborando e aplicando cuestionarios dirixidos ao alumnado, ás familias, ó profesorado e profesionais que impartes os talleres e obradoiros.
- Realizando seguimento dos alumnos/as.

2. Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe

O Plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe ou Plan de Atención á Diversidade, constitúe o documento no que se recollen e desenvolven as propostas relativas á atención á diversidade. Atender a unha maior heteroxeneidade de capacidades, motivacións e intereses, ou o que é o mesmo, dar unha resposta educativa persoal e adaptada a cada un dos nosos alumnos/as que se escolarizan nas diferentes etapas, así como as diferentes inquietudes que xorden no noso centro, constitúe a finalidade á que se encamiñan as medidas de apoio que se recollen neste plan.

Obxectivos xerais

1. Evitar, na medida do posible respostas indesexables por parte do alumnado, como poden ser o abandono escolar, o fracaso académico e a inadaptación escolar.
2. Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado, mediante reforzos educativos, adaptacións curriculares ou outras medidas de atención á diversidade se fora o caso.

3. Previr as dificultades de aprendizaxe e asistilas cando xa se produciron.

Obxectivos específicos

1. Asesorar sobre medidas organizativas que flexibilicen e favorezan o proceso educativo dos alumnos/as.
2. Organizar espazos e tempos que faciliten a atención á diversidade.
3. Poñer en marcha medidas de prevención encamiñadas a crear un clima de relacións harmoniosas na aula.
4. Previr, detectar dificultades de aprendizaxe e poñer en marcha as respostas máis axeitadas en cada caso.
5. Fixar criterios para atender e dar resposta á heteroxeneidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado, dende o currículo ordinario a través de medidas ordinarias e reforzos.

Actividades e accións prioritarias

As accións deste plan concréntanse en distintos niveis de actuación:

Actuacións respecto ao Centro

- Fomentar comunicación entre os distintos profesores/as que interveñen nun mesmo grupo de alumnos/as mediante a dinamización de reunións de titores, de equipos docentes...
- Colaborar coa Comisión de Coordinación Pedagóxica nos termos que se establezan para revisar o Proxecto Educativo, naqueles aspectos que o requiran.
- Elaborar aspectos do Proxecto Educativo de competencia do departamento.

- Criterios e procedementos para a elaboración de adaptacións curriculares, Plan de Tutorías...
- Revisión do Plan Xeral de Atención á Diversidade e a súa concreción anual.

Actuacións respecto ao Profesorado

- Realizar a valoración psicopedagóxica daqueles alumnos/as que se considere necesario e sexan demandados.
- Participar na elaboración da ACIs e revisión daquelas que xa estiveran elaboradas.
- Asesorar sobre criterios metodolóxicos que poidan empregarse como prevención de dificultades de aprendizaxes (agrupamentos, espazos, tempos...).

Actuacións respecto ó alumnado

- Prevención, detección e coordinación do tratamento das dificultades de aprendizaxe:
- Intervención nas sesións de avaliación e reunións de equipos docentes cando así sexa requirido.
- Proporcionar información e asesoramento sobre aspectos importantes do proceso de E/A (técnicas de estudo, planificación de traballo, programas de enriquecemento intelectual...).

Actuacións respecto á Familia

- Orientacións sobre alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- Orientacións ás familias, tanto individual como colectivamente, para que asuman responsabilidades na educación dos seus fillos

- Implicar aos pais nas actividades de apoio e reforzo dos seus fillos, así como no proceso educativo e na toma de decisións.

Avaliación

A avaliación será inicial (valoración de necesidades), formativa e continua. Ao longo do curso, en cada sesión de avaliación, recolleranse datos sobre a marcha do proceso de E/A en función da que se revisará a evolución do plan, introducindo aquelas modificacións que sexan necesarias.

Con obxecto de coñecer a efectividade do programa e revisar aqueles aspectos (obxectivos, estratexias de intervención, recursos, actividades...) que foran susceptibles de mellora no próximo curso, o departamento de orientación levará a cabo, sempre que sexa posible, unha avaliación específica a través dunha triangulación de métodos:

- Contrastando as experiencias mediante discusións nos equipos de titores.
- Elaborando e aplicando cuestionarios dirixidos ao alumnado, ás familias e ao profesorado
- Realizando estudo e seguimento dos alumnos e alumnas.

3. Orientación académica e profesional

Ó alumnado que cursa a etapa de Educación Secundaria Obrigatoria iníciáanse nunha fase de exploración na que empezan a considerar os seus intereses, capacidades e valores. Ao rematar o ensino obrigatorio é cando ten lugar a integración de tales factores e cando se fan as eleccións tentativas sobre o que pode ser o seu futuro académico e profesional.

O proceso de toma de decisións nesta etapa esixe que o alumno/a integre a representación de si mesmo e a que posúe do mundo socio-laboral,

confronte as decisións que vai tomando no seu proceso formativo ata chegar a unha decisión final.

Conforme o alumno/a vai conseguindo unha maior madurez persoal e vocacional e vai obtendo a información pertinente, tomará decisións de maior transcendencia, véndose obrigado a reorientar decisións anteriores ou a efectuar outras novas, xa que o proceso constitúe unha busca permanente do equilibrio que, para o seu mantemento, precisa de novas informacións e continuas tomas de decisións.

Pero este proceso non é exclusivo da ESO, senón que debe entenderse como un proceso continuo ao longo de toda a vida escolar, polo que se deben plantexar accións orientadoras nas etapas precedentes co obxectivo de facilitar ó alumnado estratexias favorecedoras dunha toma de decisións axustadas ás propias expectativas dos suxeitos.

Obxectivos xerais

1. Axudar ó alumnado ao autocoñecemento, así como ó coñecemento do do Sistema Educativo e do ámbito socio-laboral e profesional.
2. Facilitar un método de aprendizaxe que permita coñecer os aspectos anteriores e analizar a súa conduta vocacional.
3. Proporcionarlle ó alumnado e ás familias información sobre a situación actual e as tendencias do mercado de traballo.
4. Fomentar a participación responsable das familias nas tomas de decisións académicas e profesionais dos seus fillos.

Obxectivos específicos

1. Axudar ó alumnado a coñecer e distinguir as súas aptitudes, preferencias e intereses.

2. Proporcionar información sobre as opcións ó rematar a ESO, con e sin título.
3. Fomentar o desenvolvemento de habilidades para que analicen as características de cada profesión, así como as capacidades esixidas para o exercicio da mesma.
4. Axudar ó alumnado a adquirir destrezas de busca de emprego e toma de contacto co mundo laboral.
5. Familiarizar ó alumnado coas diferentes situacións que se pode atopar na súa nova relación laboral (contratos, salarios...).
6. Proporcionar a información básica en relación con oposicións, concursos, emprendemento...
7. Informar ás familias sobre o desenvolvemento do programa.

Actividades e accións prioritarias

As accións deste plan concréntanse coma sempre en distintos niveis de actuación: Centro, Profesorado, alumnado e familias.

Actuacións respecto ao Centro

- Proporcionar aos diferentes axentes educativos do centro información relativa ao POAP e ás canles a través das que se pode desenvolver dito plan.
- Asesorar aos diferentes axentes educativos en aspectos do POAP que poden facer chegar ás familias dende o seu campo de actuación.

Actuacións respecto ao Profesorado

- Facilitar información sobre o futuro académico e profesional sempre que sexa posible e estea relacionado coa súa área.

- Coordinar as opinións do equipo educativo e o titor/a, así como asesorar nas sucesivas eleccións e decisións que teñan que tomar os alumnos/as.
- Asesorar sobre criterios metodolóxicos que favorezan as tomas de decisións dos alumnos/as.

Actuacións respecto ao alumnado

- Orientacións e información sobre o sistema educativo, así como das alternativas educativas e profesionais.

Actuacións respecto á Familia

- Orientacións e información sobre o sistema educativo, así como das alternativas educativas e profesionais daqueles alumnos/as que non acadaron a titulación ao remate da etapa.
- Implicar aos pais nas actividades recollidas dentro do proceso educativo que favorecen a toma de decisións do seus fillos.

Actividades

- ❖ Actividade "coñecemos ás profesións, repasamos o SE e coñecemos 2º de ESO" có alumnado de 1º da ESO
- ❖ Actividade "Autocoñecemento, coñecendo o SE e aprendendo a tomar decisións" có alumnado de 2º da ESO
- ❖ Actividade "Autocoñecemento, coñecendo ás opcións académicas e repasamos o proceso de tomar decisións" có alumnado de 3º da ESO
- ❖ Actividade "Opcións despois da ESO: con e sen título" có alumnado de 4º da ESO
- ❖ Aplicación de cuestionarios de exploración de intereses, aptitudes, valores, personalidade...

- ❖ Documentación e información sobre os centros escolares da zona educativa á que pertence o alumnado (oferta educativa, direccións, teléfonos, páxinas web...) a todo o alumnado do centros a través da web e do taboleiro do departamento.
- ❖ Confección de documentos (currículo vitae, instancias...) se é o caso, principalmente co alumnado de 4º ESO.
- ❖ Charlas relacionadas co mundo académico e Laboral como o "Programa Ponte" da Universidade de Santiago de Compostela, charla do persoal da CIUG, etc..
- ❖ De ser posible, visita a algún centro de FP (CIFP) para familiarizarse coa estrutura, funcionamento e posibilidades da FP, tanto de grao medio como superior. Con alumnos/as de 4º ESO.
- ❖ De ser posible, visita ao Campus Universitario do SUG co alumnado de 1º e/ou 2º Bacharelato.
- ❖ Renovación do programa informático ORIENTA e difusión entre alumnado, profesorado e familias.

Avaliación

A avaliación será inicial (valoración de necesidades), formativa e continua. Ao longo do curso, en cada sesión de avaliación, recolleranse datos sobre a marcha do proceso de E/A en función da que se revisará a evolución do plan, introducindo aquelas modificacións que sexan necesarias.

Con obxecto de coñecer a efectividade do programa e revisar aqueles aspectos (obxectivos, estratexias de intervención, recursos, actividades...) que foran susceptibles de mellora no próximo curso, o departamento de orientación levará a cabo unha avaliación específica a través dunha triangulación de métodos:

- Contrastando as experiencias mediante discusións nos equipos de titores.
- Elaborando e aplicando, sempre que sexa posible, cuestionarios dirixidos ao alumnado, ás familias e ao profesorado ou, no seu defecto, a través das diferentes entrevistas mantidas cos mesmos.
- Realizando o seguimento dos alumnos/as.

5. RECURSOS

5.1. Recursos persoais

As actividades planificadas polo Departamento de Orientación son postas en marcha, principalmente, polo profesorado titor dos diferentes grupos. Por outra parte, no Decreto 120/1998 e na Orde 24 de xullo do mesmo ano, se establecen as actuacións que debe levar a cabo o xefe do departamento e que fan necesaria a colaboración con outros profesionais.

Por este motivo, como recursos persoais contamos cós membros do noso departamento, o profesorado titor, o claustro de profesorado, o equipo directivo, a CCP, o Consello Escolar,... Outro recurso importante son o propio alumnado, representado a través da xunta de delegados, que nos aportan opinións e inquedanzas. As familias son outro recurso imprescindible, que interveñen no centro, especialmente, a través do Consello Escolar.

Para finalizar, estimamos necesaria a colaboración de recursos persoais externos como o EOE, CEFOR, traballadores ou educadores sociais, mediador sociocultural do concello, técnicos da oficina de igualdade, técnicos e profesionais de entidades non gobernamentais como cruz vermella, ...

5.2. Recursos materiais

Anualmente, a xefa do noso departamento realiza un inventario do material para coñecer o que precisamos renovar ou actualizar, tendo en conta o orzamento destinado para o noso departamento. Actualmente, contamos cunha batería de probas psicopedagóxicas estandarizada, libros de interese relacionados coa orientación e psicopedagogía e recursos didácticos aportados por entidades e asociacións. As TIC son un recurso imprescindible que nos ofrecen moitos recursos de rápido acceso, como as web anteriormente comentadas. Por último, no Decreto 229/2011 se establece que os Centros de Educación Especial serán fonte de recursos para os centros ordinarios, de ser o caso.

5.3. Recursos organizativos

As horas de titoría presenciais na ESO son os principais recursos organizativos para o desenvolver as actividades establecidas neste plan.

O horario do Departamento é un tempo valioso e fundamental no que se que atenderán as peticións individuais ou puntuais que vaian xurdindo. Destacamos as reunións trimestrais de tódolos membros do DO, reunións mensuais do DO (Xefatura, e PT e titoras de ámbito), reunións trimestrais dos equipos docentes, Reunións semanais cos titores/as, Sesións de titoría presencial do alumnado da ESO, Reunións quincenais coa xefatura de estudos.

- Horas de atención a familias e alumnado.
- Reunións co EOE, e/ou coa inspección educativa.
- Reunións con axentes externos ao centro, ou contactos telefónicos ou por correo electrónico.

- As reunións da CCP, Claustro e Consello Escolar, aínda que non son recursos propios do DO, si facilitan a labor deste.

Outros recursos organizativos, son os **días lectivos con pouca carga lectiva** tales como os últimos días dos trimestres cando o alumnado xa está avaliado, os denominados **días ponte**. As **horas libres**, nas que se poida prever con antelación suficiente a ausencia dalgún profesor/a, recreos, para reunións co profesorado ou cos titores/as, e outros momentos en que de xeito puntual, algún **docente poida cedernos unha sesión da súa materia**. As **reunións informais** que se desenvolven nos corredores, na Sala de profesorado ou na Cafetería do Instituto.

Por último, o **alumnado de BAC** non conta cunha hora semanal grupal de titoría, polo que debemos buscar **microespazos e microtempos ó longo do curso** tales como os días ponte ou as ausencias de profesorado. Por outra parte, empregaremos o **horario de atención ó alumnado do noso departamento** para poder atender ás súas necesidades; ademais elaboraremos materiais informativos en formato papel ou a través da web.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN ANUAL DO DO

Este Plan Anual do D.O. someterase a un proceso continuo de avaliación formativa encamiñado a valorar en que medida imos logrando os obxectivos propostos e logramos o desenvolvemento de competencias clave na Educación secundaria obrigatoria e no Bacharelato. Coa avaliación pretendemos obter maior información sobre as características do sistema socioeducativo no que se sitúan os noso alumnado e mellorar os deseños da intervención orientadora e psicopedagóxica aproveitando a retroalimentación informativa para corrixir e adaptar ditos deseños de cara

a conseguir unha maior eficacia. Esta avaliación ten carácter interno porque será realizada polos axentes implicados no plan.

O modelo que seguimos para a avaliación do Plan consiste, en partir dunha avaliación inicial na que determinamos as necesidades existentes tal e como xa detallamos. Durante o proceso de desenvolvemento do plan, avaliaremos de forma continua e formativa para establecer as melloras que se consideren oportunas. Por último desenvolvemos unha avaliación final para comprobar o grao de consecución de obxectivos que nos servirán para establecer propostas de mellora.

Como actividades para a avaliación propoñemos o análise e valoración das actuacións desenvoltas nas reunións cos titores/as, da participación dos membros da comunidade educativa na realización dos programas, dos departamentos didácticos nas reunións da CCP. Valoración dos apoios recibidos e das relacións do D.O. e titores; e opinións do alumando durante e tras finalizar a posta en marcha dos diferentes programas

Como instrumentos de avaliación destacamos as enquisas, entrevistas formais e informais, listas de nominacións e mesmo sociogramas, cuestionarios dirixidos aos destinatarios das intervencións, cuestionarios de autoavaliación tanto para o D.O. como para os titores, fichas de observación e intercambios orais, contrastes de experiencias entre titores/as, observación sistemática do profesorado, caixa de suxerencias, análise das actas das reunións do DO, dos titores/as e da CCP e todos aqueles que poidan ir xurdindo na posta en marcha de cada programa.

Despois das avaliacións do terceiro trimestre, o DO elaborará unha Memoria na que reflectirán:

A Nivel Xeral:

- Coherencia entre os obxectivos e os resultados.
- Relación entre as necesidades detectadas e os obxectivos propostos.
- Eficiencia entre os resultados da intervención e o custo en relación a recursos, esforzo, tempo invertida, clima logrado, etc...

A Nivel Específico:

- As modificacións introducidas no desenvolvemento do plan.
- As dificultades topadas no desenvolvemento do plan.
- A valoración do grao de consecución dos obxectivos propostos.
- A viabilidade, avaliabilidade, implementación e desenvolvemento do Plan.

En Vilanova de Arousa, a 20 de setembro de 2021

M^a Leticia Recio Varela

Xefatura do Departamento de Orientación

7. ANEXOS

ANEXO I. PLAN DE ENSINO VIRTUAL (PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19)

Medidas que se adoptarán no caso da suspensión da actividade lectiva para facer efectivo o ensino non presencial (Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19).

1.- Apoio ao proceso de Ensino-Aprendizaxe e seguimento do ACNEAE.

- Coordinación e comunicación coas familias de alumnado con NEAE a través de ABALAR MÓBIL, WEBEX e/ou chamadas telefónicas individuais.
- Emprego dunha dirección de correo electrónico para o alumnado e as familias se poidan comunicar co Departamento de Orientación.
- Informes de seguimento do alumnado con NEAE por parte DO profesorado que realiza a atención educativa sobre o mesmo.
- O profesorado encargado da atención ao alumnado con NEAE (PT e Exención de francés) empregará a aula virtual para continuar apoiando e ofrecendo a atención educativa axeitada ao seu proceso de E-A.
- Asesoramento pedagóxico preciso por parte do Departamento de Orientación aos docentes para axustar a súa práctica educativa telemática na atención á diversidade.
- Reunións de coordinación a través de Webex (en caso de non poder celebrarse de xeito presencial) con xefatura de estudos e PT para o

establecemento da atención educativa do alumnado e a posta en marcha dun horario en espello.

2.- Acción tutorial

- Facilitar material ao profesorado en función das necesidades do seu alumnado para traballar a acción tutorial.
- Emprego da páxina web do centro/Aula Virtual para traballar recursos referidos a:
 - o Educación socioemocional
 - o Técnicas e hábitos de estudo
 - o Planificación do traballo escolar no fogar (horario de estudo, espazos, uso das TIC...).
 - o Outros

3.- Orientación académica e profesional

- Charlas virtuais de orientación académica nos cursos 3º, 4º ESO e en Bacharelato.
- Emprego da páxina web do centro/Aula Virtual para traballar recursos referidos a:
 - o Orientación vocacional, estudos e profesións, itinerarios educativos...
 - o Vídeos de orientación vocacional.
 - o Actividades para traballar o autocoñecemento, coñecemento do sistema educativo, toma de decisións...
 - o Emprego do Programa ORIENTA 21/22
- Coordinación coas orientadoras dos centros adscritos para traballar o programa de acollida do alumnado de Primaria que accede ao IES (a través de WEBEX se non se pode facer de xeito presencial).

4.- Coordinación cos servizos externos da contorna na atención do alumnado con NEAE ou en risco de vulnerabilidade, no coidado do seu benestar emocional e na atención ás familias: Servizos Sociais, Centro de Saúde, CIM...

5.- Recursos persoais e tecnolóxicos: intercambio de información

<i>Familias (seguimento ACNEAE)</i>	<i>Profesorado (seguimento ACNEAE)</i>	<i>Reunión DO e titores/as</i>	<i>Alumnado</i>
<ul style="list-style-type: none"> - Atención telefónica - WEBEX - Correo electrónico - Páxina WEB do centro 	<ul style="list-style-type: none"> - Atención telefónica - WEBEX - Correo electrónico corporativo 	<ul style="list-style-type: none"> - Atención telefónica - WEBEX - Correo electrónico corporativo 	<ul style="list-style-type: none"> - Atención telefónica - WEBEX/Aula virtual - Correo electrónico - Páxina WEB do centro

ANEXO II. PROGRAMACIÓN DE INTERVENCIÓN DO PROFESOR ESPECIALISTA EN PT

- 1) ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE)
- 2) MODALIDADES DE APOIOS ESPECIALIZADOS DE PT
- 3) HORARIO PROVISIONAL DOS APOIOS EN AULA ORDINARIA E ESPECÍFICOS FÓRA DA AULA DO GRUPO DE REFERENCIA
- 4) OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN EDUCATIVA
- 5) AVALIACIÓN
- 6) COORDINACIÓN E COMUNICACIÓN CO PROFESORADO AS FAMILIAS E O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1.- ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE).

GRUPO DE ALUMNADO CON REFORZO EDUCATIVO (R.E):

Van a recibir apoio por parte do P.T dentro da aula ordinaria nas materias de matemáticas, bioloxía, historia, lingua galega e castelá como mínimo unha sesión semanal.

1ºESO Alumnado con NEAE:

Grupo de alumnado con informe de primaria que teñen dificultades de aprendizaxe que fan que sexan exentos de francés para asistir a R.E das linguas, outros diagnosticados con TDAH, outros con disortografía pero que coa axuda do P.T realizan as mesmas actividades que o seu grupo de referencia.

2º ESO: Alumnado con NEAE:

Alumno con A.C EN 1º en inglés, promociona por P.O pero que co apoio do P.T na aula ordinaria, comparten e participan en varias actividades do grupo, ou traballan, senón poden seguir os contidos, actividades do grupo pero con menor dificultade ou adaptadas o seu nivel.
Alumnos diagnosticados con TDAH.

A maioría dos R.E son provocados por D.A en Lecto-escritura, razoamento lóxico matemático e calculo que fan intervir ó P.T na aula ordinaria.

GRUPO DE ALUMNADO CON A.C:

A intervención educativa dos alumnos que poidan ter AC por parte do P.T vai ser fundamentalmente na aula ordinaria e só se fará na aula de apoio cando os obxectivos e as actividades a traballar sexan específicos, segundo as características do alumnado, ou de cursos anteriores.

2.- MODALIDADES DE APOIO ESPECIALIZADO.

No presente curso o especialista de Pedagogía Terapéutica atenderá aos alumnos/as que, nalgún momento da súa escolaridade, presenten dificultades de aprendizaxe.

O alumnado recibe as seguintes modalidades de apoio educativo do xeito que segue:

MODALIDADE DE APOIO A:

Apoio exclusivo ***dentro da aula ordinaria***: Esta é modalidade que se prioriza e neste curso ocupa no horario de P.T varias sesións semanais en lingua castelá, galega, bioloxía, historia e matemáticas para facer reforzo (R.E) en coordinación con tódolos profesionais implicados de 1º e 2º da ESO. Este tipo de apoio é moi enriquecedor porque non só beneficia aos alumnos con NEAE, beneficia tamén a todo o alumnado do grupo e o seu obxectivo e que cada persoa poida desenvolver o máximo nivel as súas aprendizaxes e competencias e acadar os obxectivos do curso nas materias instrumentais básicas.

MODALIDADE DE APOIO B:

Apoio exclusivo na ***aula de apoio***: Para aqueles alumnos con severos desfases curriculares, lévase acabo con tódolos de A.C do centro e tamén para recibir tratamentos educativos especializados como os alumnos con disortografía.

MODALIDADE DE APOIO C:

Apoio ***combinado***, dentro-fóra da aula de referencia: son alumnos/as que cando poidan seguir o ritmo en actividades e en contidos do seu grupo de referencia (cun reforzo educativo coa coordinación profesorado materia - P.T), o apoio será na aula ordinaria en matemáticas, lingua castelá e galega

e cando non poidan seguir o ritmo ou sexa aconsellable priorizar contidos de cursos anteriores ou tratamentos educativos específicos as súas necesidades irán a traballar ó aula de P.T.

3.- HORARIO PROVISIONAL DOS APOIOS EN AULA ORDINARIA E ESPECÍFICOS FÓRA DA AULA DO GRUPO DE REFERENCIA.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª SESIÓN			GARDA		
2ª SESIÓN	2º ESO C MAT	1º ESO C LG	2º ESO A MAT	1º ESO B MAT	REUNIÓN TITORES
Recreo					
3ª SESIÓN	1º ESO A LC	1º ESO A LG	1º ESO B LG	ATENCIÓN FAMILIAS	1º ESO C MAT
4ª SESIÓN	1º ESO C MAT	2º ESO C LC	2º ESO B LC	2º ESO B MAT	2º ESO C LG
Recreo					
5ª SESIÓN	1º ESO B MAT	1º ESO C MAT	1º ESO A MAT	1º ESO A LC	2º ESO A MAT
6ª SESIÓN			GARDA	GARDA	

4.- OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN EDUCATIVA.

Dar resposta ás necesidades dos alumnos que precisen dunha atención individualizada, favorecendo a súa integración e participación na comunidade escolar.

Establecer as medidas curriculares e organizativas oportunas para que este alumnado poida conseguir o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos da ESO segundo corresponda.

Estimular o desenvolvemento integral do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, proporcionándolle elementos compensadores que lle axuden a superar as dificultades que presenten nos distintos ámbitos da institución escolar.

5.- AVALIACIÓN.

O alumnado con NEAE ó igual que o resto do grupo vai a ser avaliado polo profesor que imparte a materia, aínda que os alumnos con A.C vanse tomar como referencia para a súa avaliación os obxectivos e os criterios de avaliación da súa adaptación.

A práctica docente do especialista en P.T vaise avaliar mediante un cuestionario de auto-avaliación para saber si o proceso de ensino adecúase o alumnado e o progreso experimentado por estes ó longo do curso.

Nome: Aurelio Sánchez Fernández.				
Avaliación da propia programación	1	2	3	4
Adecuación da secuenciación e da temporalización das UD/proxectos				
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas				
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das UD ou proxectos				
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
Adecuación dos diferentes instrumentos empregados para a avaliación de cada estándar				
Adecuación da metodoloxía				
A metodoloxía foi común para todo o departamento				
Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria				
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes				

Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE				
Adecuación das actividades complementarias e extraescolares previstas				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias				
OBSERVACIÓN: 1 Deficiente, 2 Mellorable, 3 Boa en moitos casos, 4 Boa en todos os casos				

6.- COORDINACIÓN E COMUNICACIÓN CO PROFESORADO AS FAMILIAS E O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

O especialista en P.T vai ter una reunión semanal tanto co profesorado implicado coma coa orientadora do centro para así coordinarse e entre todos dar una resposta educativa conxunta e de maior calidade. Ademais tódolos meses realiza un informe de tódolos alumnos que contan co apoio do P.T para un seguimento e información para a orientadora.

Para as familias ao final da avaliación o P.T fará un informe individualizado para as familias onde valorará o traballo do alumnado e o grao de consecución dos obxectivos e as competencias.